

Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Os traballadores e traballadoras en pago delegado do ensino concertado asistimos, unha vez máis, á publicación da Lei de Orzamentos o 29 de decembro de 2023 co **veto expreso** ao aboamento de calquera tipo de complemento retributivo e da Paga de Antigüidade recollida no convenio colectivo, especificado no artigo 57 da devandita lei. Máis dunha década de bloqueo á posibilidade de melloras salariais que afectarían a máis de 7000 docentes en Galicia.

Xa a LOE e logo a LOMCE o dicían pero é que agora a LOMLOE segue a establecer no seu art. 117, pto. 4 referido aos módulos de concertos:

"Las cantidades correspondientes a los salarios del personal docente a que hace referencia el apartado anterior, posibilitarán la equiparación gradual de su remuneración con la del profesorado público de las respectivas etapas".

É dicir que, por lei, ao persoal docente do ensino concertado debe homologárenos coas compañeiras e cos compañeiros do ensino público. E isto é o que esiximos; sabemos que non é cousa dun día, pero tamén sabemos que estamos ante un dereito que temos que abordar e non seguir adiando o que é de xustiza.

Cremos que o primeiro paso é o establecemento de canles de diálogo e debate entre a Consellería e as OOSS, así como a derogación do parágrafo 3º do punto 2 do artigo 57 (prohibición de aboamento da PEA e de categorías funcionais como a xefatura de departamento, titoría, coordinación do ENDLG...) e o punto 1 da Disposición adicional décimo segunda dos orzamentos da Xunta de Galicia (prohibición do aboamento de 45 euros brutos mensuais e incremento do 2% interanual no CRCA).

As persoas traballadoras do ensino concertado en Galicia son unha excepción no Estado español: na inmensa maioría das comunidades autónomas, os profesionais do sector disfrutaban xa de acordos de **xubilación parcial**. Trátase dunha medida laboral esencial, da recuperación dun dereito que salva postos de traballo nun contexto de decaemento da natalidade.

Na última reunión da *Mesa Tripartita*, a Consellería trasladou ás OOSS que emitira os informes que Facenda requiría para valorar a viabilidade da implantación da medida. O tempo pasa e semella que nos atopamos nun atranco. Ademais, o adiamento electoral mudou os prazos, xerando intranquilidade nos traballadores que daban xa por feita a introdución da **xubilación parcial**.

XUNTA
DE GALICIA

Entrada 3699 / RX 216246

Registro Xeral da Xunta de Galicia
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 24/01/2024 11:37:22



Así, esiximos á Administración a dilixencia necesaria para que a **xubilación parcial** non quede no limbo e que o adiamento electoral non sexa outra desculpa máis para non tomar decisións a favor das persoas traballadoras do ensino concertado.


Por último, atopámonos agora cun problema adicional, provocado pola mala xestión e control dos aumentos de rateos derivados de antigos acordos de mantemento de emprego, que non xeraron as persoas traballadoras pero que sufrirán as consecuencias en forma de despedimentos. Desta situación responsabilízase, fundamentalmente, aos centros educativos e ás patronais. Non obstante, a Administración tiña que implicarse naquel momento: demostrar unha maior observancia e orientar a cumprir acordos. Como sempre, estas irresponsabilidades de patronais e administración fan que sexan as traballadoras e traballadores quen sufran as consecuencias. En ningún momento a Consellería se dirixiu aos representantes legais das persoas afectadas, e isto é intolerable; polo tanto, esiximos que se nos consulte e se busque conxuntamente solucións cara a evitar que persoas que non teñen culpa paguen as negligencias doutros e queden sen o seu posto de traballo.

Por todo o exposto anteriormente, **UGT-SP, CCOO, USO e SNEP**, como sindicatos con representación no ensino privado de Galicia, **solicitamos manter unha xuntanza coa Consellería á maior brevidade posible.**


Este é un momento especialmente sensible para o futuro das persoas traballadoras, dos centros e da política educativa autonómica que nos vai a guiar durante os próximos anos. Dito isto, confiamos en poder establecer un itinerario de diálogo e negociación que nos permita progresar xuntos cara a unhas mellores condicións laborais, salariais e sociais.

Reciba un cordial saúdo,

En Santiago de Compostela, a 24 de xaneiro de 2024




UGT-SP



CCOO



USO



SNEP